

## CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DAS PRACTICAS EXTERNAS DO GRAO EN CRIMINOLOXÍA

Curso 2024/25

Pola presente convocase ós alumnos matriculados na materia Practicum do Grao en Criminoloxía para a asignación das Practicas Externas do Grao en Criminoloxía a unha xuntanza que terá lugar:

**Día: 10 de febreiro de 2025**

**Hora: 13.00**

**Lugar: Sala de Xuntas do Decanato**

En Anexo informase das Institucións e prazas dispoñibles.

A elección da institución ou recurso levarase a cabo por orde da nota media simple do seu expediente. Respectaranse sempre as preferencias amosadas pola institución ou recurso con relación ao perfil do estudiante que vai a realizar as prácticas neles.

Aqueles alumnos que non poidan asistir á reunión na data e hora sinaladas poden autorizar por escrito a outra persoa para que faga a elección no seu nome. (deben axuntar copia do DNI).

Os alumnos que non se atopen presentes ou representados poden solicitar con posterioridade que lles sexa adxudicada unha das prazas que resulten vacantes. Nestes casos atenderase únicamente á data da solicitude, que deberá producirse cunha antelación razonable con respecto á data de inicio das prácticas.

**RESOLUCIÓN DA DECANA DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 3 DE FEBREIRO DE 2025 SOBRE NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA MATERIA “PRACTICUM” DO GRAO EN CRIMINOLOXÍA NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025**

A Memoria para a verificación do título oficial de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, na súa versión orixinal, verificada positivamente pola Comisión de Verificación de Plans de Estudos do Consello de Universidades na súa sesión do 18 de abril de 2018, prevía a inclusión da materia “Practicum” no segundo cuatrimestre do cuarto curso da titulación. Consonte á devandita memoria, para superala os alumnos debían cursar e superar un total de 16.5 ECTS mediante prácticas externas.

En 2021 á Facultade de Dereito promoveu unha modificación non substancial do título para reorganizar a dita materia consonte á seguinte estrutura:

- Seminarios / conferencias / obradoiros de formación previa ás prácticas: 8.5 créditos
- Prácticas externas: 6 créditos
- Memoria de prácticas: 2 créditos

Xa que logo, para a programación do desenvolvemento durante o curso 2024/2025 das prácticas externas da titulación de graduado en Criminoloxía sobre a base das propostas e acordos adoptados polos órganos colexiados da Facultade,

**RESOLVO**

**Primeiro.- Requisitos académicos para poder participar no programa de prácticas externas da materia “Practicum”**

1.- Poderán participar no programa de prácticas externas obligatorias do Grao en Criminoloxía os alumnos que teñan aprobadas as seguintes materias:

- a) Tódalas correspondentes aos cursos primeiro e segundo do Grao
- b) As seguintes correspondentes ao terceiro curso do Grao:
  - Delincuencia e xustiza xuvenil
  - Penoloxía e ciencia penitenciaria
  - Psicoloxía Criminal II
  - Avaliación e tratamiento do delincuente

-Proceso Penal

-Psiquiatría forense

-Vitimoloxía

c) As seguintes correspondentes ao cuarto curso do Grao:

-Medicina Legal e Forense

2.- A comisión do Grao poderá valorar as circunstancias académicas que poidan alegar os alumnos derivadas da realización de programas de intercambio para xustificar o non cumprimento dunha parte dos ditos requisitos.

#### **Segundo.- Carga lectiva das prácticas externas**

1.- A carga lectiva corresponde ós 8 ECTS das prácticas externas curriculares distribuirase do seguinte xeito:

a) 125 horas de prácticas presenciais nunha institución colaboradora.

b) 25 horas de titorías individuais (12,5 horas presenciais e 12,5 horas de traballo do alumno)

c) 50 horas de traballo persoal do alumno na preparación e redacción dunha memoria das actividades realizadas, cuxa extensión deberá ser de entre 50-70 páxinas cumprindo cos mínimos sinalados no Anexo a esta Resolución.

2.- O Decanato da Facultade xestionará as adaptacións necesarias na oferta de prazas para prácticas externas da titulación de graduado en Criminoloxía, de maneira que se garanta que a mesma sexa suficiente para cubrir a demanda dos alumnos de grao.

#### **Terceiro.- Organización das prácticas externas.**

1.- Os alumnos soamente poden realizar as prácticas externas en institucións colaboradoras coa Universidade de Santiago de Compostela, no marco do correspondente convenio asinado expresamente para este fin. A cada alumno asignáráselle un tutor na entidade colaboradora para a realización das prácticas.

2.- A duración das prácticas externas realizaranse durante catro semanas, do 31 de marzo ó 2 de maio

3.- A elección da institución ou recurso levarase a cabo nun acto público que se celebrará na data do mes de febreiro fixada pola coordinación do Grao en Criminoloxía. Nese acto, os alumnos matriculados nas prácticas externas serán chamados por orde da nota media simple do seu expediente. Cada alumno chamado

escollerá o recurso ou institución que deseñe dentro dos que se atopen vacantes no momento do seu chamamento.

4.- Aqueles alumnos que non poidan asistir á reunión na data e hora sinaladas poden autorizar por escrito a outra persoa para que faga a elección no seu nome. Este escrito xunto coa copia do DNI do alumno deberá ser entregado ó coordinador no acto de elección.

5.- Os alumnos que non se atopen presentes ou representados poden solicitar con posterioridade que lles sexa adxudicada unha das prazas que resulten vacantes. Nestes casos atenderase únicamente á data da solicitude, que deberá producirse cunha antelación razonable con respecto á data de inicio das prácticas.

#### **Cuarto.-Avaliación da materia "Prácticum"**

A avaliación final terá en conta os seguintes aspectos:

1. Asistencia e participación activa do alumno nos seminarios / Conferencias / Obradoiros de formación previa ás prácticas. Cualificación máxima que se pode obter: 2 puntos.
2. Informe do titor externo nas prácticas, referido ás habilidades e destrezas adquiridas polo alumno, o grado de realización das tarefas encargadas e das obrigas asumidas por el e á capacidade para o exercicio da actividade profesional de que se trate. Cualificación máxima que se pode obter: 4 puntos
3. Memoria de prácticas externas. Cualificación máxima que se pode obter: 4 puntos

#### *Avaliación das prácticas externas.*

1.- Para obter a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas externas é necesario reunir conxuntamente os tres requisitos seguintes:

- a) Acreditar a asistencia a un oitenta por cento das horas programadas.
- b) Recibir unha cualificación igual o superior a dous puntos sobre catro do titor asignado pola institución na que se realicen as prácticas. Esta cualificación comunicarase ó Decanato da Facultade.

#### **Quinto.- Coordinación académica das prácticas.**

O/a coordinador/a do Grao en Criminoloxía da Facultade de Dereito actuará como coordinador/a académico/a, sen prexuízo de que a tutoría académica corresponda a outro docente, segundo o disposto no convenio aplicable.

## DISPOSICIÓN FINAIS

**Única.** Entrada en vigor.

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

### ANEXO

*Modelo de memoria das prácticas externas*

- Datos persoais:
- Datos da Institución de destino:
- Nome do titor e cargo que ocupa na Institución de destino:
- Período de realización das prácticas externas:

#### 1. CONTIDO MÍNIMO

Funcións da entidade colaboradora, tarefas presenciais e non presenciais desenvoltas no programa de prácticas, material preparado e elaborado polo alumno no transcurso das prácticas, coñecementos e destrezas adquiridas no Grao e aplicados na realización das prácticas.

#### 2. VALORACIÓN:

- 2.1 Contribución das tarefas asignadas á formación do estudiante
- 2.2 Grao de atención e titorización por parte do responsable na Institución de destino
- 2.3 Grao de implicación efectiva do estudiante no desempeño das tarefas asignadas
- 2.4 Valoración global

#### 3. PRESENTACIÓN:

A memoria presentarase no mes seguinte ao da finalización das prácticas externas no Instituto de Criminoloxía, axustándose ao modelo recollido neste Anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Decana

Ana Gude Fernández

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: **ANA MARIA GUDE FERNANDEZ**, DECANO A DA FACULTADE DE DEREITO,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/02/2025 10:22:15.

CSV: **3EBA-2282-4957-9C5F**

**TITORES PRÁCTICAS EXTERNAS DO GRAO EN CRIMINOLOXÍA DO CURSO 2024/25**

INSTITUCIÓN	Lugar	PRAZAS	Contido das prácticas e tarefas
GUARDIA CIVIL	Comandancia de A Coruña	3	Coñecemento das dependencias e departamentos adscritos á Comandancia da Garda Civil da Coruña (Laboratorio de Policía Xudicial, Equipo Muller-Menor, Equipo Territorial de Policía Xudicial, equipo VIOGEN e equipo @), coñecemento do seu funcionamento, así como as técnicas empregadas para desenvolver as súas
	Comandancia de Pontevedra	2	Formación teórica y prácticas (dentro del acuartelamiento y en el exterior) en las unidades de Seprona, Tráfico, Viogén y en las secciones de unidad orgánica de policía judicial (personas, patrimonio, delitos tecnológicos, EDOA, laboratorio de criminalística). Asistencia a declaraciones judiciales de guardias civiles. Formación
	Comandancia de Ourense	2	Realización das prácticas nas distintas especialidades (Seprona, Servizo de información, delincuencia tecnoloxica, policia xudicial). Análise de atestados, busqueda e analise de información, laboratorio de criminalistica, dactiloscopia, investigación de delincuencia organizada, informes para organismos xudiciais.
	Comandancia de Lugo	2	Coñecemento das dependencias e departamentos adscritos á Comandancia da Gardia Civil de Lugo. Coñecemento do trabalho que realizan as diferentes especialidades, en particular da policía xudicial.
GUARDIA CIVIL	Gijón	2	Coñecemento das dependencias e departamentos adscritos á Comandancia. Coñecemento do trabalho que realizan as diferentes especialidades, en particular da policía xudicial.
INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES LUIS CONCHEIRO (INCIFOR)**	Incifor, Santiago de Compostela	4	Na unidade de xenética forense. Entrar en contacto coa rutina de trabajo no laboratorio e a estruturación do mesmo. Realización do xenotipado da súa propia mostra a partir dun hisopo bucal, incluíndo a toma de mostra, a extracción de ADN, a amplificación mediante PCR, a electroforese capilar e a visualización e interpretación dos resultados. Visualización de informes para entender o tipo de casuísticas que se analizan no laboratorio e os diferentes tipos de peticionarios que solicitan os servizos. Na Unidade de Toxicoloxía Forense. Recibir mostras reais, comprobando como se completan os formularios de cadea de custodia e como
FISCALIA	Fiscalía de Vigo	2	Conocimiento de las funciones y competencias de la Fiscalía. Formación en seminarios prácticos. Visita y conocimiento de las funciones de la oficina de víctimas. Estudio de perfiles y de comportamientos de los implicados en procesos judiciales.
	Fiscalía de Pontevedra	2	Inmersión en todos os ámbitos de producción desta Fiscalía que van desde as seccións de discapacidade ou as de cooperación internacional, ata as de violencia de xénero ou de menores. Tareas de información de carácter criminológico, na procura de factores criminógenos na producción dos ilícitos, así como na análise e
UNIDADE DE PSICOLOXÍA FORENSE DA USC*	Facultade de Psicoloxía, Santiago de Compostela	8	Realización de una encuesta de victimización en Galicia. Actualización del cuestionario de la encuesta. Cálculo de la representatividad muestral, por estratos poblacionales de Galicia. Recogida de datos: splicación de los cuestionarios en todo Galicia. Diseño de la base de datos en SPSS. Introducción de los datos en la base. Tratamiento. Formación y colaboración en investigaciones activas del grupo de investigación
CENTRO EDUCATIVO AVELINO MONTERO	Pontevedra	1	Revisar a normativa que se aplica no centro de internamento, incluída a normativa interna (PEC, RRI, Circular...). Observación do desenvolvemento diario da intervención educativa do persoal do centro (sistema de traballo, rutinas da vida cotiá, talleres...). Colaboración co persoal educativo do centro.
CIEMA LUGO DA FUNDACIÓN EDUCATIVA E SOCIAL DIGNIDADE	Lugo	1	Acompañamento durante as prácticas a todos os profesionais do CIEMA no desempeño das súas funcións (educadoras e educadores e psicólogo). Participación nas entrevistas individuais e nas actividades grupais, obradoiros sobre varias temáticas. Deseño de obradoiros.
CENTROS PENITENCIARIOS	Teixeiro	2	Obter unha visión global dos diferentes programas de intervención de tratamiento que se realizan no Centro. Dentro do programa de intervención organizativa de Módulos de Respeto e Convivencia e no Programa PAIEM (Programa de atención integral a enfermos mentais), participación a nivel grupal con internos en assembleas, en intervencións de psicoeducación e farmacoloxía coa entidade externa APREM e asistencia a conferencias. da asociación ASFEDRO (asistencia a drogodependentes). A nivel individual, participación na realización de entrevistas de novos ingresos no Centro e propostas de Clasificación interna, entrevistas para estudos de revisión de notas e permisos ordinarios de saída, avaliaciós do desfrute dos permisos e realización de seguimentos aos internos con aplicación de
	Bonxe	2	Coñecemento do centro, a súa organización, os profesionais que prestan servizos nel e as súas funcións. Colaboración en actividades do módulo de respeto.
	Monterroso	1	Realización de informes penitenciarios, de libertad condicional y de pronóstico de reincidencia. Asistencia a entrevistas de ingresos, audiencias y valoración de permisos. Participación en talleres de dinámicas de grupo y de resolución de conflictos. Asistencia a sesiones con enfermos del programa PAIEM.
	Pereiro de Aguiar	2	Acompañamiento del/de la tutor/a en las actividades de su jornada laboral ordinaria: reuniones del equipo técnico y del equipo de programas de tratamiento, comisión disciplinaria, entrevistas con los internos, redacción de informes, examen de expedientes.
CONCAES***		6	Mediación no ámbito penitenciario
OFICINA DE IGUALDADE DE XENERO DA USC	Santiago de Compostela	2	Tarefas relacionadas co protocolo de acoso da universidade que servirán para facer un plan de comunicación e mellora do mesmo.
AENTES FORESTAIOS DA XUNTA DE GALICIA	Dirección Xeral de Defensa do Monte - Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO)	1	Actuacións no ámbito medioambiental relacionados coa criminoloxía
Alejandro Rios Landeira - Perito Grafólogo	A Coruña	2	Analise grafoloxico no ámbikto da criminoloxía
OFICINA DE ASISTENCIA A VÍTIMAS	Santiago de Compostela	1	Acompañamento de asistencia da vitima no desenvolvemento do proceso penal
	Ferrol	1	
	A Coruña	1	
CONCELLOS	TEO: Policía Local	2	coñecemento das tarefas e servizos que presta a policía locas e acompañamento dos axentes no seu traballo rutinario
	BOIRO: Policía Local	1	coñecemento das tarefas e servizos que presta a policía locas e acompañamento dos axentes no seu traballo rutinario
	FERROL: Policía Local	2	coñecemento das tarefas e servizos que presta a policía locas e acompañamento dos axentes no seu traballo rutinario
	Ribeira: Unidade de Conductas Aditivas	1	Colaboración en equipos de tratamiento

\* Terán preferencia os alumnos que están a facer o TFG cós profesores da Unidade de Psicoloxía Forense / \*\* Terán preferencia os alumnos que están a facer o TFG cós profesores de Xenetica Forense / \*\*\* Deberán asistir por parellas (compartindo vehículo e gastos de desprazamento)

Curso Académico 2024/2025	
Orde de alumnos elección Prácticum 2024-25	
	Nome
1	Sánchez Freire, Lucía
2	Fidalgo Barral, Claudia
3	Polvillo García, Paula
4	Fuentes Rodríguez, Celia
5	Cid Varela, Claudia
6	Rial Prieto, Nara
7	Castro Salcedo, Natalia
8	Carollo Martínez, Susana
9	Casanova Mosquera, Valeria
10	Teo Martínez, Iago
11	Gómez Fuentes, Claudia
12	Ortigueira Piñeiro, María
13	Tejido Díaz, Carla
14	Rodríguez Suárez, Aaron
15	Rodríguez Lois, Cristina
16	Argibay Lameiro, María del Carmen
17	Méndez García, Alejandro
18	Álvarez Tamargo, Gabriela
19	Espada Rojo, Alba
20	González Tato, Beatriz
21	Campos García, Marco
22	González Ferreiro, Noa
23	Matalobos Carballo, Marta
24	Gómez Calvo, Miriam
25	Juncal Álvarez, Leire
26	Abreu Alonso, David
27	Martínez Lourido, Aitana
28	Candal Vázquez, Nuria
29	Campos Pichel, Nuria
30	Comesaña Iglesias, Nair
31	Carrera Lago, Sergio
32	Real Muñoz, Antón
33	Abba Ramos, Salma
34	Abalde Comesaña, Antón
35	Fernández Luzón, David
36	Martínez Almeida, Claudia
37	Doce Tato, Ángel
38	Pérez Rois, Nahir